

XORNADA

OS INSTRUMENTOS TRADICIONAIS BAIXO A PERSPECTIVA DOS ARTESÁNS

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
13 DE NOVEMBRO DE 2015



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Desde finais da década dos 70 vimos asistindo a un rexurdir da nosa música popular, posto de manifesto no cada vez maior número de persoas que se dedica a este campo do noso acervo cultural, ben desde a interpretación, a recolleita, a investigación, o ensino..., ben desde a divulgación, a organización de mostras, festivais, xuntanzas, seminarios, etc. Todo este movemento puxo en valor unha parte da nosa cultura popular que a maioría do pobo descoñecía ou infravaloraba, e fixo posible que hoxe en día a música galega goce dun prestixio e un recoñecemento a nivel internacional.

Neste proceso tiveron un papel fundamental, aínda que non moi coñecido, os nosos artesáns, que grazas ao seu tesón, rigor e bo facer foron quen de construír cada vez mellores instrumentos e investigar na recuperación doutros que xa ficaban totalmente esquecidos. Non podemos deixar de mencionar figuras inesquecibles nesta arte como Faustino Santalices, Poceiro, Basilio Carril, Paulino Pérez, García de Riobó, Represas, Manuel Calvo (O peneireiro), José Seivane e Antón Corral entre outros. Todos eles tiveron sempre as portas dos seus obradoiros abertas á xente nova que quixo internarse no seu oficio ancestral, razón pola cal temos hoxe tantos e tan bos continuadores do seu legado.

A Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega, consciente da importancia do seu labor, promove unha xornada en que se debaterá sobre a situación actual do sector. O seu contido estrutúrase en catro relatorios de catro persoeiros de recoñecido prestixio neste ámbito, seguidos dunha mesa redonda para o debate e posterior coloquio co público.

PROGRAMA

16:30 horas

Inauguración e presentación da xornada

SESIÓN DE RELATORIOS

16:45 horas

Seivane no eido da gaita

Álvaro Seivane, artesán de gaitas e membro dunha coñecida saga familiar de artesáns

17:05 horas

Consciencia da zanfona na tradición musical galega

Xaneco Tubío, artesán de zanfonas tradicionais e instrumentos de percusión

17:25 horas

As frautas travesseiras na tradición musical galega

Olí Xiráldez, artesán de gaitas e frautas

17:45 horas

A busca do son nun modelo de zanfona contemporánea

César Loureiro, artesán de zanfonas e arpas

18:05 horas

Pausa

18:20 horas

Mesa redonda e debate

ORGANIZA:

Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega

COORDINA:

Xosé Vicente Ferreirós

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205
difusion@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

Inscrición:

A inscrición é gratuíta no sitio web www.consellodacultura.gal
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á Xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Máis información:

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205